

Un consorcio internacional conformado por **8 entidades beneficiarias** é responsable do proxecto



Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias

Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, **AGACA** (Beneficiario principal) – España



CENTRO DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS Y TECNOLÓGICAS DE EXTREMADURA

Centro de Investigaciones Científicas y Tecnológicas de Extremadura, **CICYTEX** – España



Cooperativas Agro-alimentarias de Castilla-La Mancha, Unión de cooperativas, **CACLM** – España



Federación de Cooperativas Agro-alimentarias de Euskadi, **FCAE** – España



Association des régions européennes des produits d'origine, **AREPO** - Francia



Coop de France Aquitaine, **CDF** – Francia



Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro, **UTAD** – Portugal



União Cooperativa Polivalente da Região Norte, **UniNorte** – Portugal



 **AGROSMARTcoop**



Espazo para a integración, a competitividade e o crecemento económico intelixente das cooperativas agroalimentarias do espazo rural SUDOE

SOE1/P2/E0242



«O apoio da Unión Europea para a produción desta publicación non constitúe o amparo do contido, que é responsabilidade exclusiva do autor, e a Comisión non se fai responsable do uso que poida facerse da información contida nela.»



# AGROSMARTcoop

O proxecto **AGROSMARTcoop** é un proxecto europeo cofinanciado polo **Programa Interreg Sudoeste 2014-2020** dentro do **Eixe prioritario 2: Fomentar a competitividade e a internacionalización das pemes do Sudoeste europeo**, cuxo obxectivo principal é crear un espazo de promoción, interconexión e interacción intelixente dotado de estruturas, ferramentas e servizos avanzados de apoio ás cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE para mellorar na innovación tecnolóxica, de xestión e de comercialización a través do fomento do coñecemento, as boas prácticas e a intercooperación.

O proxecto abrangue 6 rexións dese espazo (**Galicia, Castilla-La Mancha, País Vasco e Extremadura – ES, Aquitaine – FR e Norte de Portugal – PT**) e busca paliar as desvantaxes das súas zonas rurais, así como favorecer o desenvolvemento e a cohesión económica, a través da xeración de capacidades e a busca de solucións transnacionais máis eficientes e efectivas para apoiar as cooperativas agroalimentarias nas súas necesidades específicas e mellorar a súa competitividade.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Favorecer a **ecoinnovación** entre as cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE para optimizar o seu **potencial de crecemento e valor engadido**.
2. Apoiar a **comercialización intelixente** dos produtos das cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE e poñer en valor **a súa calidade e o seu carácter endóxeos**.
3. Incentivar a asociación do **tecido cooperativo agroalimentario** do SUDOESTE e a creación de **alianzas e proxectos estratéxicos** a través da intercooperación.

## ORZAMENTO:

O proxecto **AGROSMARTcoop** ten un orzamento total de **1.295.000,00 €**, e está cofinanciado nun **75 %** polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

## DURACIÓN DO PROXECTO:

24 meses, desde o 1 de xullo de 2016 ata o 31 de xuño de 2018.

## ACTIVIDADES E RESULTADOS PREVISTOS:

1. Análise da **capacidade de adaptación** das cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE ao mercado actual, a integración e o incremento da súa dimensión empresarial

**Resultados:** Mellorar o coñecemento sobre as potencialidades das cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE e os casos de éxito máis relevantes para a ecoinnovación e a comercialización intelixente e liñas estratéxicas de acción para mellorar a súa competitividade e sustentabilidade.

2. Desenvolvemento e dinamización da **plataforma virtual de intercooperación** para as cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE

**Resultados:** Creación dun marco favorable para a ecoinnovación, comercialización e intercooperación que favoreza a transferencia de coñecementos científicos e tecnolóxicos e o intercambio de boas prácticas; posta a disposición das



cooperativas agroalimentarias e *stakeholders* do espazo SUDOESTE dun compendio de información clave e ferramentas e servizos de apoio en materia de ecoinnovación e de comercialización.

3. Accións de **divulgación e fomento dos coñecementos científicos e tecnolóxicos**, e de promoción das cooperativas, o cooperativismo e a intercooperación

**Resultados:** Desenvolver eventos de divulgación e programas formativos para as cooperativas agroalimentarias e *stakeholders* e potenciar os coñecementos sobre a ecoinnovación e a comercialización; aumentar a participación das cooperativas agroalimentarias en accións que promovan a comercialización, e aumentar a intercooperación entre estas para xerar alianzas e proxectos estratéxicos, principalmente a través do intercambio de experiencias in situ.



## PRODUTOS DO PROXECTO:

Beneficiarán principalmente as cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE e consistirán en:

- Grupos Operativos Transnacionais para a innovación sustentable e comercialización e márketing intelixente;
- Plan estratéxico conxunto para a competitividade das cooperativas agroalimentarias do espazo SUDOESTE;
- Plataforma virtual para a intercooperación e o fomento de prácticas innovadoras; Laboratorio virtual (AgroLAB);
- Asesorías técnicas á innovación tecnolóxica sustentable;
- Asesorías técnicas á comercialización intelixente;
- Comunidade de cooperativas agroalimentarias para a intercooperación;
- Campaña de divulgación e promoción de prácticas innovadoras entre as cooperativas agroalimentarias;
- Programa de formación e capacitación para a innovación sustentable e a comercialización intelixente.

## CARÁCTER INNOVADOR:

Abordar a **innovación desde a intercooperación** como recurso clave para o investimento na execución de novas técnicas e tecnoloxías de innovación sustentable e márketing; ademais, introduce un concepto novo, a comercialización intelixente, que consiste en aproveitar o potencial das cooperativas (a calidade e o carácter endóxeos dos seus produtos) e aliálo coa innovación, a ciencia e a tecnoloxía.